

**REGULAMENTO DE USO E
FUNCIONAMENTO DA
PISCINA AO AIRE LIBRE**

"REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DA PISCINA AO AIRE LIBRE DO CONCELLO DE GUITIRIZ**ÍNDICE****TÍTULO PRELIMINAR: CONSIDERACIÓNS XERAIS**

- Artigo 1. - Fundamentos.
- Artigo 2. - Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. - Definición de Piscina.
- Artigo 4. - Piscina Municipal.

TÍTULO PRIMEIRO: REGULACIÓN XERAL DA PISCINA AO AIRE LIBRE**CAPÍTULO I.- USO DA PISCINA AO AIRE LIBRE**

- Artigo 5. - Definición de usuario/a.
- Artigo 6. - Destino da piscina ao aire libre.
- Artigo 7. - Acceso á piscina ao aire libre.
- Artigo 8. - Uso da piscina ao aire libre.
- Artigo 9. - Usos prohibidos.
- Artigo 10. - Recomendacións para os/ás usuarios/ás da piscina ao aire libre.
- Artigo 11. - Peche da piscina ao aire libre.
- Artigo 12. - Responsabilidade polo uso da piscina ao aire libre

CAPÍTULO II.- DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS

- Artigo 13. - Dereitos dos/as usuarios/as da piscina ao aire libre municipal.
- Artigo 14. - Obrigas dos/as usuarios/as.
- Artigo 15. - Perda da condición de usuario/a.

TÍTULO SEGUNDO: REGULACIÓN ESPECÍFICA DA PISCINA AO AIRE LIBRE MUNICIPAL**CAPÍTULO I.- RÉXIME DE USO DA PISCINA AO AIRE LIBRE**

- Artigo 16. - Normas de acceso.
- Artigo 17. - Normas de Saída.
- Artigo 18. - Normas para bañarse.
- Artigo 19. - Normas de Acceso na zona de praia.
- Artigo 20. - Normas de Conduta durante o baño.
- Artigo 21. - Normas de uso nos aseos e vestiarios.
- Artigo 22. - Normas de uso do Vaso de Recreo.
- Artigo 23. - Outras consideracións.

TÍTULO TERCEIRO: RÉXIME SANCIONADOR

- Artigo 24. - Réxime Xeral de Infraccións e sancións.
- Artigo 25. - Infraccións.
- Artigo 26. - Sancións.

TÍTULO CUARTO: Lexislación Supletoria

- Artigo 27. - Lexislación Supletoria

TÍTULO QUINTO: ENTRADA EN VIGOR

- Artigo 28. - Entrada en vigor.

TÍTULO PRELIMINAR: CONCEPTOS XERAIS**Artigo 1. - Fundamentos.**

O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización da piscina ao aire libre titularidade do Excelentísimo Concello de Guitiriz e dítase ao abeiro das competencias que nesta materia atribúe aos municipios o artigo 25 m) da lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local en relación co artigo 49 do citado texto legal; artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, e artigo 50.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Artigo 2. - Ámbito de aplicación.

O presente Regulamento será de aplicación á piscina ao aire libre municipal e a todos os/as usuarios/as, clubs deportivos, federacións deportivas ou outras entidades públicas ou privadas que fagan uso destas.

Artigo 3. - Definición de Piscina.

Enténdese por piscina, para os efectos deste regulamento, ao conxunto de instalacións e construcións que constitúen o soporte necesario para a práctica do baño colectivo e de diferentes modalidades de natación e deportes acuáticos e de aquelas outras accesorias, incluídas todas no mesmo recinto.

Artigo 4. - Piscina Municipal.

4.1.- A piscina definida no artigo anterior, cuxo titular sexa o Concello de Guitiriz, terá a consideración de piscina municipal.

4.2.- Poderán ter a condición de piscina municipal aquelas cedidas, por calquera título xurídico, ao Concello de Guitiriz para a súa xestión ou explotación. Estas piscinas rexeranse polo establecido no presente Regulamento salvo que o instrumento de cesión establecese un réxime propio de xestión ou explotación.

4.3.- Salvo que o Concello dispoña outra cousa, calquera piscina que se constrúa ou cuxa xestión se asuma polo Concello no futuro, quedará adscrita a este Regulamento.

TÍTULO PRIMEIRO: REGULACIÓN XERAL DA PISCINA AO AIRE LIBRE**CAPÍTULO I.- USO DA PISCINA AO AIRE LIBRE****Artigo 5. - Definición de usuario/a.**

5.1.- Para os efectos do presente Regulamento, enténdese por usuario/a da piscina ao aire libre toda persoa que utilice esta.

5.2.- Só os/as usuarios/as poderán facer uso da piscina ao aire libre e dos servizos adscritos a esta.

Artigo 6. - Destino da piscina ao aire libre.

6.1.- Nos termos previstos no presente Regulamento, as piscinas ao aire libre teñen como fin a práctica física e deportiva, xa sexa de ocio e tempo libre, ensino, adestramento, competición ou exhibición das modalidades para as que foron deseñadas, ou daquelas outras cuxas características permitan un uso compatible destas, previa autorización expresa para tal efecto outorgada polo Concello.

6.2.- As piscinas ao aire libre poderán acoller actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades xuvenís, culturais ou sociais, previa autorización municipal.

Artigo 7. - Acceso á piscina ao aire libre.

7.1.- O acceso á piscina ao aire libre, supón a aceptación das normas contidas no presente Regulamento.

7.2.- Para o acceso á piscina ao aire libre deberá aboarse previamente o prezo público ou a taxa que, se é o caso, corresponda segundo a Ordenanza reguladora das mesmas.

Artigo 8. - Formas de uso da piscina ao aire libre.

A piscina ao aire libre municipal poderá utilizarse:

a) A través dos programas ofertados polo Concello.

b) De forma libre, cando se trate de piscina ao aire libre, mediante o aboamento do prezo público ou, se é o caso, mediante un convenio de cesión de uso.

Artigo 9. - Usos prohibidos.

Queda prohibido:

9.1.- Realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros/as usuarios/as.

9.2.- Realizar actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento de actividades dirixidas, supoñan dano material para a piscina ao aire libre ou afecten a hixiene xeral.

9.3.- Introducir obxectos de cristal, substancias inflamables, perigosas ou nocivas na piscina ao aire libre.

9.4.- Comer nos espazos e pistas deportivas, salvo na zona de bar - cafetería.

9.5.- Tomar fotografías ou vídeos doutros/ás usuarios/ás sen o seu consentimento expreso.

9.6.- Utilizar dentro dos recintos bicicletas, patíns, monopatíns, triciclos, e en xeral calquera elemento que moleste ou obstaculice aos/ás demais usuarios/ás.

9.7.- Practicar nos espazos deportivos actividades ou modalidades deportivas diferentes ao uso concibido, salvo autorización expresa.

9.8.- Manipular os elementos e equipamentos propios das pistas, tanto fixos como móbiles, salvo acordo ou indicación expresa da dirección ou empregados.

9.9.- Introducir cans ou outros animais, agás os cans guía, segundo normativa vixente.

9.10.- Non está permitido o acceso de pais, nais ou acompañantes ao recinto de a piscina durante os cursos de natación ou outras actividades, salvo casos excepcionais.

9.11.- Non está permitido facer "topless" ou nudismo en todo o recinto.

Artigo 10. - Recomendacións para os/as usuarios/as da piscina ao aire libre.

Para o uso xeral da piscina ao aire libre fanse as seguintes recomendacións:

10.1.- Realizar un recoñecemento médico antes de iniciar calquera actividade deportiva, sobre todo para persoas que permanecesen inactivas durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade.

10.2.- Non acceder á piscina ao aire libre con obxectos de valor.

10.3.- Beber abundante auga previa e posteriormente á realización de exercicio.

10.4.- Extremar as medidas de seguridade e hixiene.

10.5.- Aconséllase esperar un mínimo de 2 horas despois de comer, antes de entrar á auga. Deberase entrar despacio e evitando os cambios bruscos de temperatura (ex.: tras realizar exercicio intenso ou tras unha exposición prolongada ao sol).

Artigo 11. - Peche da piscina ao aire libre

11.1.- O Concello resérvase a potestade de pechar temporalmente a piscina ao aire libre para realizar nelas labores de limpeza, obras, programacións propias, competicións, partidos, cursos ou outros eventos oportunos.

11.2.- Así mesmo o persoal responsable da piscina ao aire libre poderá pechalas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos a persoas e/ou danos á piscina ao aire libre.

Artigo 12.- Responsabilidade polo uso da piscina ao aire libre

12.1.- Nin o Concello de Guitiriz nin o persoal ao servizo da piscina ao aire libre responsabilízase dos roubos, hurtos e danos do material, roupa e demais aparellos persoais de cada usuario/a.

12.2.- O Concello non se fará responsable dos danos, lesións e accidentes que poidan sufrir os/as usuarios/as salvo que deriven dun mal estado da piscina.

12.3.- O Concello non será responsable ante o/a usuario/a en caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento por parte deste, das presentes normas, dun comportamento negligente doutro/a usuario/a ou un mal uso das piscina ao aire libre, equipamentos e servizos.

12.4.- A responsabilidade por actos cometidos polos menores, cando poidan acceder á piscina ao aire libre municipal, corresponderá a estes de conformidade con as disposicións que regulan este tipo de responsabilidade no Código Civil e no Código Penal.

CAPÍTULO II.- DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS**Artigo 13. - Dereitos dos/as usuarios/as da piscina ao aire libre Municipal**

Os/as usuarios/as da piscina ao aire libre terán dereito:

13.1.- A que se respecte a súa integridade e dignidade persoal.

13.2.- A utilizar a piscina ao aire libre no horario concertado, coas máximas garantías de hixiene e seguridade, e adaptadas a persoas con minusvalidez.

13.3.- A utilizar a caixa de primeiros auxilios da instalación.

13.4.- A ser tratados con educación e amabilidade por todo o persoal que presta os servizos.

13.5.- A facer uso dos servizos e espazos auxiliares como vestiarios, aseos, gardarroupas, caixa de primeiros auxilios, etc.

13.6.- A encontrar a piscina ao aire libre, o mobiliario e o material deportivo en perfectas condicións de uso.

13.7.- A presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estimen convenientes por escrito a través de instancia nas oficinas do Concello de Guitiriz, así como nun Libro/Follas de Reclamacións a disposición dos/ás usuarios/ás na propia piscina, tal e como establece o artigo 52.1 do Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, aprobado por Real Decreto 2816/1982.

13.8.- A formular as suxestións que considere oportunas para a mellora da xestión da piscina ao aire libre. Tanto as suxestións coma as reclamacións se dirixirán a Concellaría de Deportes.

Artigo 14. - Obrigas dos/as usuarios/as

Son obrigas dos/as usuarios/as:

14.1.- Utilizar correctamente a piscina ao aire libre e dependencias desta con bo trato e coidado correcto, evitando toda clase de actos que puidesen ensuciar ou causar dano na conservación desta.

14.2.- Cumprir coa normativa específica da instalación deportiva.

14.3.- Facer uso das papeleiras habilitadas para iso colaborando no posible en o coidado da piscina, observando as normas de limpeza e hixiene establecidas.

14.4.- Facer uso da piscina ao aire libre coa indumentaria axeitada.

14.5.- Respectar os horarios de funcionamento da piscina ao aire libre, e cantas normas e instrucións dite a Concellaría de Deportes ou a través do persoal da Instalación.

14.6.- Aboar os prezos públicos da piscina ao aire libre de conformidade coa oportuna Ordenanza Municipal.

14.7.- Aceptar o peche temporal ou no seu defecto a modificación do horario de funcionamento da instalación, por limpeza, reparación e desenvolvemento dalgunha actividade extraordinaria, ou outros eventos oportunos.

14.8.- Responder dos danos persoais ou materiais que puidese producirse o propio usuario/a, ou causar a outras persoas dentro da instalación. Calquera usuario/a que ocasione danos materiais na piscina será directamente responsable, polo tanto farase cargo dos gastos que orixine o dano ocasionado.

14.9.- Deixar a piscina en idéntico estado ao que se encontraba antes da súa utilización e en caso de detectar algún dano nos aparatos ou algunha circunstancia anómala na piscina ao aire libre deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do encargado de piscina, co obxecto de que este poida avaliar a situación e actuar.

14.10.- Conservar en todo momento o debido respecto á instalación, ao persoal e aos demais usuarios/ás. O incumprimento desta norma poderá dar lugar á expulsión do infractor da instalación.

Artigo 15. - Perda da condición de usuario/a

O incumprimento do establecido no presente Regulamento e en particular das obrigas impostas aos/as usuarios/as leva consigo a perda de dita condición, coa conseguinte obriga de abandonar ou prohibición de acceder a as piscina ao aire libre municipal.

TÍTULO SEGUNDO: REGULACIÓN ESPECÍFICA DA PISCINA AO AIRE LIBRE MUNICIPAL**CAPÍTULO I.- RÉXIME DE USO DA PISCINA AO AIRE LIBRE****Artigo 16. - Normas de Acceso**

16.1.- Para acceder á instalación, será necesario ter en vigor o bono de acceso á piscina ou sacar a correspondente entrada, conservando esta.

16.2.- Non se permite a entrada de menores de 13 anos se non van acompañados de persoas maiores de idade que asumán a súa responsabilidade.

16.3.- Como medida de saúde hixiénica, non se permite o acceso a persoas con enfermidades infecto-contaxiosas, salvo informe médico en sentido contrario.

16.4.- Non se poderá acceder á piscina ao aire libre con animais.

Artigo 17. - Normas de Saída

17.1.- Efectuarase pola porta correspondente e unha vez abandonada a instalación a entrada será válida para outro uso sen aboar novamente a taxa correspondente.

Artigo 18. - Normas para bañarse

Será obrigatorio:

18.1.- A utilización do bañador, non permitíndose bañarse desnudo, sen a parte de arriba do bikini, en roupa interior ou prendas de rúa.

18.2.- Ducharse antes e despois de entrar á auga.

18.3.- Deberá privarse do baño quen teña feridas, hemorrxias e afeccións na pel.

Artigo 19. - Normas de Acceso na zona de praia

Non se permite:

19.1.- Fumar, comer nin beber.

19.2.- Realización de actividades que supoñan un risco para os/as usuarios/as.

19.3.- O uso de xampú ou xel de baño nas duchas exteriores.

Artigo 20. - Normas de Conduta durante o baño:

20.1.- Non se permite tirar ou introducir pezas de ningún tipo, nin obxectos que se poidan desprender a causa do movemento ou producir dano aos demais usuarios/ás, como horquilla, aneis, pulseiras, reloxos, etc.

20.2.- Prohibese ensuciar a auga con prácticas antihixiénicas.

20.3.- Está prohibido xogar con pelotas e outros obxectos que poidan ser lanzados por o aire.

20.4.- Os obxectos inchables (flotadores, manguitos...) poderanse utilizar nas zonas menos profundas e baixo a supervisión dun adulto/a.

20.5.- Queda prohibido: correr polo borde, empuxar ou tirarse das seguintes formas:

a) Cara a atrás

b) Resvarando no borde

c) Facendo pinchacarneiros no aire

d) Caendo enriba do que está dentro

e) Sen mirar se vén alguén nadando ou buceando

f) De cabeza coas mans pegadas a corpo

20.6.- Prohibense os buceos repetidos.

20.7.- Os/as nenos/as e persoas que non saiban nadar non poderán estar nas zonas profundas aínda que estean acompañados dunha persoa que saiba nadar.

20.8.- Cando os bañistas sexan requiridos para saír da auga polos/as socorristas ou outro persoal da piscina, farano de forma inmediata.

Artigo 21. - Normas de uso nos aseos e vestiarios:

21.1.- É obrigatorio o uso de chanclas.

21.2.- Queda prohibido fumar, comer e beber.

Artigo 22. - Normas de uso do Vaso de Recreo:

22.1.- Considérase a zona libre para natación, xogo e/ou esparcemento.

22.2.- Polas mañás cando haxa pouca xente, o sentido de nado prioritario será ao longo respecto ao ancho.

22.3.- Reservada para a impartición de cursos polas mañás.

22.4.- Os/ás menores de 6 anos non poderán acceder se non van acompañados dun adulto/a.

22.5.- O material de ensino só se poderá utilizar nos cursos.

Artigo 23. - Outras consideracións:

23.1.- Os/as nenos/as menores de 6 anos estarán acompañados/as e vixiados/as por unha persoa adulta en todo momento.

23.2.- Os/as usuarios/as serán responsables de calquera dano que poidan ocasionar polo mal uso da piscina.

23.3.- Aconséllase non introducir na instalación diñeiro nin obxectos de valor. O Concello non se responsabilizará da súa perda.

23.4.- Os obxectos esquecidos ou perdidos poderanse solicitar na taquilla.

23.5.- Para acceder ao servizo de Caixa de primeiros auxilios, acudir aos socorristas ou avisar na taquilla para que estes vaian á caixa de primeiros auxilios.

23.6.- A saída da auga efectuarase media hora antes do peche da piscina.

TÍTULO TERCEIRO: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 24. - Réxime Xeral de Infraccións e sancións.

24.1. -A infracción das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas neste Regulamento, poderán ser obxecto de procedemento sancionador nos termos do art.º 127 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, o Regulamento de Desenvolvemento da citada, aprobado por R.D. 1398/1993 do 4 de agosto.

24.2. -Os responsables da piscina ao aire libre, teñen a facultade de apercibir, e mesmo de expulsar da instalación de forma preventiva, ata a resolución do informe de incidencia, aquelas persoas que non observen a conduta debida.

Artigo 25. - Infraccións

25.1. -Terán a consideración de INFRACCIÓN LEVE:

- a) O incumprimento dalgunhas das obrigas establecidas neste Regulamento por parte dos/ás usuarios/ás cando a súa consecuencia non dea lugar á cualificación de grave ou moi grave.
- b) O trato incorrecto a calquera usuario/a, persoal técnico ou demais persoal que realice funcións na instalación.
- c) Causar danos por comportamento imprudente ou negligente á instalación, material ou equipamento destas por importe inferior a 100 €.
- d) Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades ou servizos ditadas no ámbito das súas funcións.
- e) Ocasionar alborotos ou calquera outra acción non prevista como grave ou moi grave que interrompa o desenvolvemento das actividades.

25.2. - Terán a consideración de INFRACCIÓN GRAVE:

- a) Alterar a convivencia nos distintos espazos e servizos da instalación.
- b) Alterar o funcionamento da instalación.
- c) Incumprir reiteradamente algunhas das obrigas dos/ás usuarios/ás.
- d) Maltratar de palabra ou obra a outros/ás usuarios/ás ou persoal da instalación.
- e) Causar danos graves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento
- f) Causar danos por comportamento imprudente ou negligente á instalación, material ou equipamento desta por importe comprendido entre 100 € e 300 € inclusive.
- g) Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.
- h) Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade ou calquera outro relevante e a suplantación da identidade.
- i) A acumulación de dous ou máis faltas leves nun período de catro anos.
- j) Manipular ou falsificar documentos identificativos, entradas ou bonos.
- k) Non comunicar dos danos producidos por un mesmo.

25.3. -Terán a consideración de INFRACCIÓN MOI GRAVE:

- a) Impedir o uso da instalación ou un servizo prestado neste a outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- b) Impedir ou obstruír o normal funcionamento da instalación
- c) Causar deterioros ou danos na instalación ou a calquera dos seus equipamentos, infraestruturas ou a elementos, por importe superior a 300 €.
- d) Agredir fisicamente as persoas que están a facer uso da instalación así como ao persoal que traballa nestas.
- e) Acumular dous ou máis faltas graves.

Artigo 26. - Sancións

26.1. -Os incumprimentos leves serán castigados con apercibimento por escrito ou a perda temporal da condición de usuario/a por un período de 1 a 30 días.

26.2.- Os incumprimentos graves serán castigados con multa de ata 500 € ou con a perda da condición de usuario/a por un período comprendido entre 31 días e 5 anos se a gravidade deste o fixese necesario.

26.3.- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de entre 500,01 € e 3.000 € ou a privación definitiva de uso da piscina ao aire libre municipal.

26.4.- Para a graduación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración de infraccións ou reincidencia.
- A existencia de intencionalidade do infractor/a.
- A transcendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

26.5.- A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor/a de a reposición da situación alterada por este ao seu estado orixinario así como coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

26.6.- Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el para o seu pagamento no prazo que se estableza.

26.7.- Serán responsables directos das infraccións os seus autores materiais, agás nos supostos en que sexan menores de idade ou concorran neles alguna causa legal non imputable, en cuxo caso responderán civilmente por eles os que teñan a custodia legal.

26.8.- Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

26.9.- Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recaia o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros puideran cometer.

26.10.- No caso de infraccións cometidas por menores, a persoa responsable da instalación intentará contactar co seu pai e a súa nai, ou no seu caso, cos seus titores/ás, co fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos familiares propios. Así mesmo poderanse poñer os feitos en coñecemento da Fiscalía de menores.

26.11.- No caso de menores de idade poderase substituír a sanción que puidera impoñerse pola realización de traballos ou labores para a comunidade, de natureza e alcance axeitados e proporcionados á gravidade da infracción.

TÍTULO CUARTO: LEXISLACIÓN SUPLETORIA

Artigo 27. - Lexislación Supletoria

No non recollido neste regulamento estarase no disposto no título VI da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na normativa hixiénico-sanitaria para piscinas de uso público, como a reglamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo aprobada por Decreto 103/2005, do 6 de maio, da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e demais normativa de aplicación.

TÍTULO QUINTO: ENTRADA EN VIGOR

Artigo 28. - Entrada en vigor

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir do día seguinte a devandita publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación."

Guitiriz, 29 de xullo de 2014.- O ALCALDE, Xosé M^a Teixido Núñez

R. 3089

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 31 de xullo de 2014, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao segundo bimestre do ano 2014.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.